

ANEXO

Curso/Actividade
CURSO BÁSICO DE PROTECCIÓN CIVIL
Número curso:
Lugar:
Data(s):

DATOS DO SOLICITANTE

NIF	Nome	Apelidos	Data de nacemento

Enderezo particular

Rúa	Provincia	Cod. postal
Concello	Enderezo de correo electrónico	
Teléfono	Fax	

Datos profesionais

Corpo de pertenza
Grupo de titulación
Clase
Ano de ingreso no corpo
Situación administrativa
Entidade

DECLARACIÓN

Declaro pola miña honra que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude.

_____/_____/_____
(Sinatura do/a solicitante)

INFORME DO XEFE DO CADRO DE PERSOAL OUI PERSOAL RESPONSABLE

Vista a solicitude formulada polo interesado/a, faise constar que non existe inconveniente para a súa asistencia ao curso solicitado

_____/_____/_____
(Sinatura e selo da entidade)

Directora xeral
Academia Galega de Seguridade Pública
Avda. da Cultura, s/n. 36680 A Estrada-Pontevedra

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 30 de decembro de 2008 pola que se publica o acordo do Consello de Dirección do 23 de decembro de 2008, polo que se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

O Consello de Dirección de Agader, na xuntanza do 23 de decembro de 2008, acordou modificar as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, e para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, aprobadas por acordo do Consello de Dirección o 30 de maio de 2008. O citado acordo publicouse mediante resolución do director xeral de Agader, do 30 de maio de 2008, no DOG

nº 115, do 16 de xuño de 2008 (corrección de erros DOG nº 140, do 21 de xullo).

De conformidade coas facultades que teño conferidas en virtude do artigo 10.2º a) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural,

RESOLVO:

Publicar o acordo do Consello de Dirección de Agader, do 23 de decembro de 2008, polo que se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, e para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

O citado acordo incorpórase a esta resolución como documento anexo.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Edelmiro López Iglesias
Director xeral de Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

ANEXO

Acordo do Consello de Dirección de Agader do 23 de decembro de 2008, polo que se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013

O Consello de Dirección de Agader, na súa reunión do 30 de maio de 2008, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural (GDR) como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, e convocar o correspondente proceso de selección. O citado acordo fíxose público mediante resolución do director xeral de Agader do 30 de maio de 2008, no DOG nº 115, do 16 de xuño de 2008 (corrección de erros DOG nº 140, do 21 de xullo).

A entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado común, en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado, conforma o novo marco normativo no que se deben amparar as axudas de Estado que, estando incluídas no seu ámbito de aplicación, estean exentas do requisito de notificación. En consecuencia, procede modificar o acordo adoptado, co fin de adaptalo á nova regulación que en materia de axudas de Estado deriva deste regulamento.

Por outra banda, é conveniente adaptar aspectos puntuais do réxime de axudas que se incorpora como anexo III das bases reguladoras, co fin de mellorar a eficiencia no procedemento de xestión das axudas.

Tendo en conta o anterior, o Consello de Dirección de Agader, no marco competencial habilitado en virtude do artigo 6.1º d) do Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Agader, e logo da tramitación do expediente nos termos legais e regulamentarios establecidos, acorda:

Modificar, nos termos que a continuación se relacionan, o acordo do Consello de Dirección do 30 de maio de 2008, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural, e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se convoca o correspondente proceso de selección.

Primeiro.-Modificacións que afectan o apéndice I. Bases reguladoras

Na base VI. Programas de desenvolvemento rural, o segundo guión da medida 413 queda redactado nos seguintes termos:

-Creación, ampliación e modernización de Pemes.

Segundo.-Modificacións que afectan ao anexo III. Réxime de axudas.

Na parte A. Normas xerais, introdúcense as seguintes modificacións:

Na epígrafe I. Proxectos subvencionables:

O punto 3.ii. queda redactado como segue:

Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva.

Na epígrafe II. Beneficiarios:

-No punto A) 3. os parágrafos primeiro, segundo e terceiro quedan redactados como segue:

3. Cumprir o requisito de PEME, nos termos regulados no anexo I do Regulamento nº (CE) 800/2008, da Comisión, do 8 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (en diante, Regulamento xeral de exención por categorías):

-Empregar a menos de 250 persoas.

-Ter un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou que o balance xeral anual non exceda dos 43 millóns de euros.

-No mesmo punto A) 3. engádase a continuación do parágrafo cuarto o seguinte parágrafo:

Os datos seleccionados para o cálculo do persoal e os importes financeiros serán os correspondentes ao último exercicio contable pechado, e calcularanse sobre unha base anual. Para o cálculo do persoal teranse en conta os efectivos que corresponden ao número de unidades de traballo anual (UTA), é dicir, ao número de persoas que traballan na empresa a tempo completo durante o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA.

-O primeiro parágrafo do punto B) queda redactado como segue:

B) Respecto dos gastos referidos na ficha de elixibilidade IV, os beneficiarios serán os GDR que asinaron o convenio de colaboración con Agader para a xestión dos respectivos programas de desenvolvemento rural. Os GDR só serán beneficiarios das actuacións que se promovan no marco da medida 431.

-O terceiro parágrafo do punto B queda redactado como segue:

En ningún caso se concederán axudas a empresas en crise, de acordo coa definición establecida para estas no artigo 1.7º do Regulamento xeral de exención por categorías.

-Como parágrafo final da epígrafe II. Beneficiarios, engádese o seguinte texto:

No marco das medidas amparadas no Regulamento xeral de exención por categorías, non se concede-

rán axudas a favor de empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente logo dunha decisión previa da comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Na epígrafe III. Subvencionabilidade dos gastos:

-O punto a) 5. queda redactado como segue:

5. Custos xerais, tales como estudos técnicos, gastos de proxectos, dirección de obra, estudos de viabilidade e outros gastos de consultoría relativos aos investimentos realizados, así como adquisición e expedición de patentes e licenzas, ata o 20% do investimento subvencionable. No caso das medidas amparadas no Regulamento xeral de exención por categorías, a subvencionabilidade dos activos inmateriais vinculados á transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de dereitos de patentes, licenzas, know-how ou coñecementos técnicos non patentados, deberá cumprir as seguintes condicións:

a) Utilizaranse exclusivamente no establecemento beneficiario da axuda.

b) Consideraranse activos amortizables.

c) Serán adquiridos a terceiros en condicións de mercado sen que o adquirente estea en posición de exercer control sobre o vendedor ou viceversa.

-O punto a) 6. queda redactado como segue:

6. Medios e equipamentos de transporte, nos seguinte termos:

En proxectos de natureza produtiva:

Adquisición de vehículos de transporte industrial e comercial, en proxectos que dean lugar ao inicio dunha actividade económica.

Gastos derivados da adecuación de vehículos de transporte de mercadorías para o desenvolvemento da actividade.

En ningún caso se subvencionará a adquisición e/ou adecuación de vehículos no sector do transporte. Para estes efectos, enténdese que operan no sector do transporte as empresas que realizan operacións de transporte por conta allea.

En proxectos de natureza non produtiva:

Equipamentos para a prestación de servizos de transporte á demanda de pasaxeiros, en áreas de baixa densidade de poboación.

-A relación de gastos non subvencionables queda redactada nos seguintes termos:

Con carácter xeral, para todas as operacións, non son subvencionables:

1. O IVE, excepto o IVE non recuperable nos proxectos non produtivos cando sexa costeado de forma efectiva e definitiva polo suxeito pasivo.

As entidades públicas terán a condición de suxeito pasivo en canto ás actividades ou operacións nas que non actúen como autoridades públicas, conside-

rándose que unha entidade pública efectúa actividades nas que actúa como autoridade pública cando esas actividades se desenvolven baixo o réxime especial que lles é aplicable.

2. Os demais impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.

3. Os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e material funxible en xeral, sen prexuízo do disposto con carácter particular nas fichas de elixibilidade de cada medida.

4. Os gastos de constitución, rexistras e notariais.

5. Os intereses debedores das contas bancarias.

6. Os gastos anteriores ao levantamento dunha acta de non inicio por parte do GDR, a excepción dos gastos relativos a estudos de viabilidade ou redacción de proxectos, ou ben anteriores á presentación da solicitude de axuda respecto daqueles proxectos que non requiran acta de non inicio.

7. A reposición ou mera substitución de equipamento e maquinaria.

8. As obras de mantemento das instalacións.

9. Os gastos de aluguer de equipamento e os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro, sen prexuízo do disposto con carácter particular nas fichas de elixibilidade de cada medida.

10. Os xuros, recargas e sancións administrativas.

11. Os gastos de procedementos xudiciais.

12. A compra de dereitos de produción agraria, animais e plantas anuais e a súa plantación.

13. As partidas de gastos xerais e beneficio industrial dos proxectos, agás que correspondan a custos reais imputables á execución da operación, así como nos proxectos de promoción pública, cando estas partidas formen parte do prezo de licitación de acordo coa normativa de contratación administrativa.

Na epígrafe IV. Procedemento de concesión de axudas:

-No punto a).2. Documentación, o segundo guión queda redactado nos seguintes termos:

Declaración censual tributaria (modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio da actividade á AEAT cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.

-No punto a).2. Documentación, no sétimo guión engadirase, ao final deste, o seguinte texto:

As entidades públicas de carácter local ou comarcal, na medida en que están suxeitas á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, poderán documentar a elección da oferta máis vantaxosa xunto coa primeira solicitude de pagamento, achegando unha certificación das proposicións ou ofertas recibidas para a contratación de que se trate,

xunto coa resolución ou acordo de adxudicación definitiva.

Na epígrafe VII. Obrigas dos beneficiarios:

-O punto 2. queda redactado como segue:

2. Respetar o destino do investimento e manter os empregos consolidados durante os 5 anos posteriores á resolución de pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes.

Naqueles proxectos que requiran a creación de emprego, un terzo dos postos de traballo deberán estar cubertos no momento da solicitude de pagamento final do expediente, admitíndose, respecto dos restantes, que se creen no prazo máximo de 6 meses contados desde a data do pagamento final. Cada un dos postos creados deberá manterse durante o período de 5 anos contados desde a súa ocupación.

Na epígrafe VIII. Xustificación e pagamento:

-No punto b). Réxime de pagamento, o parágrafo terceiro queda redactado como segue:

Poderán concederse pagamentos parciais e anticipos de conformidade co disposto no artigo 31.6º da LSG, na norma regulamentaria que a desenvolva e no artigo 56 do Regulamento (CE)1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

-No punto b). Réxime de pagamento, o parágrafo quinto queda redactado como segue:

Non se concederán pagamentos parciais cando o orzamento aceptado sexa inferior a 30.000 €.

Na epígrafe X. Reintegro:

-O primeiro parágrafo queda redactado nos seguintes termos:

Procederá o reintegro do importe percibido indebidamente, incrementado, de ser o caso, cos xuros de mora correspondentes, nos casos establecidos no artigo 33.1º da LSG.

A epígrafe XI queda redactada nos seguintes termos:

XI. Réxime de incompatibilidade e acumulación de axudas.

As axudas concedidas no marco do programa Leader serán incompatibles con calquera outras que, para o mesmo proxecto e finalidade, leven cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros...). En particular, de acordo co disposto no artigo 70.7º, parágrafo 2, do Regulamento (CE) nº 1698/2005, serán incompatibles con outras axudas cofinanciadas con Feader, encadradas en calquera dos outros Eixos do PDR de Galicia 2007-2013.

Coa salvidade anterior, as axudas concedidas no marco do programa Leader serán compatibles con

outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo proxecto, sempre que:

-O importe acumulado das axudas non exceda do custo da actividade subvencionada.

-O importe total das axudas públicas non exceda dos límites máximos previstos na normativa de axudas de estado.

Na epígrafe XV. Normativa de aplicación:

-Suprímese a referencia á normativa citada nos guións sexto e sétimo.

-Engádese, como guión sexto:

Regulamento (CE) nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), publicado no DOUE L 214, do 9 de agosto de 2008.

Na parte B, fichas de elixibilidade, introdúcense as seguintes modificacións:

A ficha de elixibilidade I modifícase nos seguintes termos:

-Na epígrafe referida a tipoloxía de proxectos, a parte final do punto 2. Aumento do valor económico dos montes, queda redactado nos seguintes termos:

Mantemento e recuperación de sistemas pastorís en montes veciñais en man común con finalidade produtiva.

-Na epígrafe referida a beneficiarios, o parágrafo final queda redactado nos seguintes termos:

No sector da transformación e comercialización de produtos forestais a condición de beneficiario restrínxese ás microempresas. De acordo co anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías, teñen a consideración de microempresas aquelas empresas que ocupan a menos de 10 empregados e cun volume de negocios anual ou un balance xeral anual que non supera os 2 millóns de euros.

-Na epígrafe referida a gastos subvencionables, a parte final queda redactada nos seguintes termos:

Particularmente para este tipo de proxectos, son subvencionables ademais dos conceptos fixados con carácter xeral para todas as medidas:

-Gastos de funcionamento, subministracións e gastos en material funxible ou compoñentes necesarios para a execución do proxecto.

-Gastos de persoal investigador ou auxiliar.

-Viaxes e axudas de custo necesarias para a execución do proxecto.

-Servizos tecnolóxicos externos necesarios para o desenvolvemento do proxecto, así como colaboracións externas cos axentes cooperantes no proxecto.

-Na epígrafe referida ao financiamento, elimínase o seguinte parágrafo:

Respecto de todos os proxectos que se promovan no marco desta medida, a contribución do beneficiario ao seu financiamento será do 25% como mínimo.

A ficha de elixibilidade III modifícase nos seguintes termos:

-Na epígrafe referida á tipoloxía de proxectos, introdúcese as seguintes modificacións:

O punto II. queda redactado nos seguintes termos:

II. Creación, ampliación e modernización de Pemes, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria.

Para estes efectos, enténdese por modernización a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio esencial no proceso de produción dun establecemento existente.

Nos proxectos de creación é requisito necesario a xeración de emprego, como mínimo, equivalente a 0,25 empregos anuais. Para estes efectos, enténdese por xeración de emprego a creación de novos postos de traballo, fixos, eventuais, a tempo parcial ou a tempo completo, e independentemente do réxime laboral que os regule. Nos demais proxectos é requisito necesario o mantemento dos empregos existentes.

No punto V. Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural, o primeiro guión queda redactado nos seguintes termos:

-Mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural, incluídos os proxectos de mantemento e recuperación de sistemas silvopastorís en montes veciñais en man común sen finalidade produtiva.

-Na epígrafe referida aos gastos subvencionables elimínase o parágrafo final.

-Na epígrafe referida ao financiamento introdúcese as seguintes modificacións:

Elimínase o segundo parágrafo.

O parágrafo terceiro queda redactado nos seguintes termos:

-Proxectos vinculados á diversificación cara a actividades non agrarias e de creación, ampliación e modernización de Pemes:

O parágrafo cuarto queda redactado nos seguintes termos:

-45% do gasto subvencionable cando o beneficiario teña a condición de pequena empresa, ou 40% do gasto subvencionable cando o beneficiario teña a condición de mediana empresa. O beneficiario deberá achegar unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de, polo menos, o 25% dos custos subvencionables, xa sexa mediante os seus recursos propios ou mediante financiamento externo.

O parágrafo sexto queda redactado nos seguintes termos:

Esta axuda ampárase nos artigos 13 e 26 do Regulamento xeral de exención por categorías, segundo a natureza dos gastos.

A ficha de elixibilidade IV modifícase nos seguintes termos:

-Na epígrafe referida ao financiamento, no punto II. Submedida 431B. Adquisición de capacidades para a promoción do territorio, engádese, a continuación do guión referido a formación, o seguinte parágrafo:

Os gastos vinculados á formación ampáranse no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*. De acordo con este regulamento, a axuda total *de minimis* concedida a un beneficiario determinado non será superior a 200.000 € durante un período de tres exercicios fiscais.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 15 de xaneiro de 2009, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008).

En sesión que tivo lugar o día 15 de xaneiro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 8 de setembro de 2008 (DOG nº 175, do 10 de setembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de axudantes de bibliotecas, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008) e de conformidade co establecido na dita orde,

ACORDOU:

Primeiro.-Realizar os trámites oportunos para publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes que se presentaron ao segundo exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, escala de axudantes de bibliotecas, que tivo lugar na sede da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) o día 4 de decembro de 2008, no taboleiro de anuncios da